


O soño de Gowthami



O soño de Gowthami

Guía dirixida a alumnado e profesorado de ciclo medio e superior de educación primaria.

- ➔ **Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 5.** Igualdade de xénero.
- ➔ **Ligazón ao vídeo:** <https://vimeo.com/524967632/c3e9055270>
- ➔ **Duración:** 8:48 minutos.
- ➔ **Localización, ano:** Anantapur, Andhra Pradesh, India. 2020.
- ➔ **Competencias:** comunicación lingüística, dixital e do tratamento da información, do coñecemento e interacción co mundo físico e natural, social e cidadán.



Sinopse

Gowthami vive na India rural e o seu gran soño é converterse en científica. A familia da súa mellor amiga, Kirtama, quere que deixe os estudos. Gowthami pedirá axuda á súa nai e ao resto da comunidade con tal de **poder seguir estudando.**



Objetivos de Desenvolvemento Sostible

O 25 de setembro de 2015, os 193 países que forman parte das **Nacións Unidas** marcaron **17 obxectivos** que terían que acadar antes do ano 2030. Estes obxectivos chámanse **Objetivos de Desenvolvemento Sostible** (ODS) e propoñen crear un mundo mellor, a través de retos tan importantes como erradicar a pobreza, loitar contra as desigualdades e pór freo ao cambio climático, entre outros.

Máis información en:

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>



ODS 5. Igualdade de xénero

A **desigualdade de xénero** afecta as mulleres e nenas de todo o mundo, en ámbitos como o fogar, a escola, o traballo, a rúa...

Mulleres e nenas non teñen as mesmas oportunidades que homes e nenos: as mulleres están moi pouco representadas en ámbitos de poder como a política ou a economía; encárganse de moitas máis tarefas do fogar e do coidado de nenos e nenas ou da xente maior; cobran menos por realizar o mesmo traballo ca os homes; padecen moito máis as consecuencias da pobreza, os conflitos e as migracións; e, finalmente, adoitan ser vítimas de agresións, violencia e explotación ao longo da súa vida, por parte dalgúns homes.

Garantir o acceso á saúde, especialmente cando están embarazadas, e **outorgar ás mulleres dereitos igualitarios e o acceso a terras ou propiedades** é fundamental para conseguir este obxectivo. Cómpre que as mulleres se empoderen, é dicir, que poidan facer uso da súa propia voz e que participen na toma de decisións ou en cargos de poder na mesma medida en que o fan os homes. Ademais, **fai falta tomar consciencia da educación de nenas e mozas** para que teñan máis oportunidades cando sexan maiores e poidan decidir sobre o seu futuro.



Para mellorar a situación das mulleres e nenas na India rural, a **FVF** dálles apoio para que **poidan estudar, ter propiedades, comezar pequenos negocios** ou **facilitarles o acceso á saúde**. Ademais, nas aldeas onde traballa a Fundación **promove os grupos de mulleres**, chamados sanghams, onde as mulleres se reúnen para falar abertamente dos seus problemas, para apoiarse e buscar solucións xuntas.

Máis información en:

Vídeo **“Cinco realidades de las mujeres de la India rural”**,
Fundación Vicente Ferrer, 2019.

<https://vimeo.com/524967632/c3e9055270>



Reflexión

Unha vez visto o vídeo, reflexionade sobre as seguintes preguntas:

1. Por que no vídeo se di que Lakshmi, a nai de Gowthami, é toda unha heroína?

Nas zonas rurais e máis tradicionais, enténdese que o traballo da muller é ocuparse da casa e coidar dos fillos e fillas, e do resto de integrantes da familia. **Deben obedecer e coidar dos homes** desde pequenas: primeiro o seu pai, despois o seu marido e por último o seu fillo.

Moitas veces **as familias non cren que as súas fillas teñan que estudar** porque consideran que non é importante para as tarefas que deberán asumir de maiores. Son as primeiras en erguerse, as últimas en comer e en deitarse, e son responsables de que a casa funcione perfectamente. Ás veces, ademais, tamén traballan fóra da casa, con tarefas bastante duras e mal pagadas.

Lakshmi traballa fóra da casa para gañar cartos, mais cando chega á casa segue moi ocupada. Considerala unha heroína ten que ver coas tarefas que leva a cabo todos os días, tanto fóra da casa (traballo produtivo) como na casa (traballo reprodutivo).

Neste punto invitaremos o alumnado a reflexionar sobre **o reparto das tarefas do fogar**, así como noutros ámbitos, como **a política, o deporte, os cargos directivos...**



2. Un proverbio hindú di que levar unha nena á escola é como regar o xardín do veciño. Entendedes o que quere dicir?

Na India, cando as mulleres casan teñen que abandonar o seu fogar e ir vivir na casa da familia do seu marido, onde terán que **facerse cargo das tarefas do fogar**. Tradicionalmente, ademais, **tiñan que pagar a voda e o dote** á familia do marido. Trátase do patrimonio que a esposa e a súa familia dan ao noivo con tal de pagar os supostos gastos que xerará unha vez viva con el. Pode incluír a compra de coches, electrodomésticos, xoias, mobles etc. en función da posición social da familia. Aínda que o dote estea prohibido por lei, segue formando parte da tradición familiar.


Na India está prohibido coñecer o sexo do bebé antes de nacer para evitar os abortos en caso de que sexa nena. **Tradicións como o dote atentan contra os dereitos das mulleres**. Cómpre revisalas e abolilas.



Actividade complementaria

A situación das mulleres no mundo e ao longo da historia

- **Finalidade:** Investigar a situación de mulleres e nenas en diferentes partes do mundo e momentos da historia, con tal de tomar consciencia das desigualdades a que están sometidas.
- **Duración:** 2 horas de clase e, opcionalmente, traballo na casa.
- **Material necesario:** Ordenador con acceso a Internet ou acceso a material bibliográfico que fale da situación das mulleres de todo o mundo e ao longo da historia.



Primeira parte

Imaxinade que formades parte dun equipo de xornalistas a quen encargaron unha reportaxe de investigación sobre os dereitos das mulleres e nenas de todo o mundo, e ao longo da historia da humanidade. Dividide a clase en 5 grupos e responde de algunhas das preguntas seguintes:

- ➔ **Grupo 1.** Ao longo da historia conseguíronse diferentes dereitos, como por exemplo o de voto. Credes que homes e mulleres os conseguiron á vez? Todos os homes e mulleres puideron estudar na universidade ou acceder ao mercado laboral de forma igualitaria? Tiveron as mesmas obrigas dentro do matrimonio? Investigade que pasou no noso país.
- ➔ **Grupo 2.** Homes e mulleres tiñan os mesmos dereitos na Grecia clásica, na Revolución Francesa e a comezos do século XX? Sorprendeuvos o que descubristes?
- ➔ **Grupo 3.** As mulleres teñen os mesmos dereitos en todo o mundo? Investigade por exemplo que ocorre en países como a India, Arabia Saudita ou o noso país. Fixádevos en

aspectos como a **fenda salarial**, que é a diferenza do soldo entre homes e mulleres, a ocupación de espazos públicos, a autonomía ou liberdade que teñen as mulleres etc.

- ➔ **Grupo 4.** Hai prácticas, como por exemplo o matrimonio infantil, a ablación xenital feminina ou os infanticidios que atentan gravemente contra a vida e os dereitos das mulleres. Sabedes en que consisten? Onde ocorren? Que se pode facer para erradicar estas formas de violencia?
- ➔ **Grupo 5.** Credes que no noso país hai igualdade entre homes e mulleres? Sabedes o que son os **micromachismos**? Buscade exemplos de condutas sexistas presentes na nosa sociedade e reflexionade sobre como se poden erradicar.

No caso de que algunhas destas preguntas sexan demasiado complexas, adaptalas ao nivel do alumnado.

Segunda parte

Cada grupo ten que preparar unha presentación de entre 5 e 10 minutos cos resultados da investigación para o resto da clase. Fará falta que apoiades as vosas conclusións en datos e información ben documentada. Podedes complementar a explicación cun mural, imaxes ou material audiovisual.



Ligazóns de interese:

- ➔ **Revista Sàpiens. La lluita pel vot de les dones.** https://www.sapiens.cat/temes/dones/la-lluita-pel-vot-de-les-dones_200823_102.html
- ➔ **Wikipedia. Derechos de la mujer:** https://es.wikipedia.org/wiki/Derechos_de_la_mujer
- ➔ <https://www.undp.org/content/undp/es/home/sustainable-development-goals/goal-5-gender-equality.html>
- ➔ **7 cosas que las mujeres no podían hacer hace 100 años – BBC:** <https://www.bbc.com/mundo/noticias-38007110>
- ➔ **Enfemenino.com. Leyes que han revolucionado la vida de las mujeres. ONU:** <https://www.enfemenino.com/feminismo/leyes-que-han-revolucionado-la-vida-de-las-mujeres-s1643062.html>
- ➔ **Cronología: Mujeres del mundo, ONU Mujeres:** <https://interactive.unwomen.org/multimedia/timeline/womenunite/es/index.html#/1900>
- ➔ <https://www.lavanguardia.com/vanguardia-dossier/20191005/47798897823/espana-igualdad-de-genero-feminista-brecha-salarial-desigualdad-equidad.html>
- ➔ **Dones en política 2017, Naciones unides:** https://www.unwomen.org/-/media/headquarters/attachments/sections/library/publications/2017/femmesenpolitique_2017_spanish_web.pdf?la=en&vs=1334
- ➔ <https://www.lavanguardia.com/vida/junior-report/20180305/441253634097/mujer-en-el-mundo.html>
- ➔ <https://www.lavanguardia.com/vida/junior-report/20171121/433055378072/derechos-ninas.html>
- ➔ https://blog.oxfamintermon.org/ejemplos-de-micromachismos-en-la-vida-cotidiana/?gclid=CjwKCAjw19z6BRAYEiwAmo64LRgVBe7S1DAOxDGQNHfSnOnhm80slw8yr2jOezr03YGKEVYL469WCxoCBPMQAvD_BwE

Sobre a Fundación Vicente Ferrer

Desde a Fundación Vicente Ferrer (FVF) traballamos no sueste da India para mellorar as condicións de vida das comunidades en risco de exclusión. Implicamos os grupos máis desfavorecidos para garantirles unha vida digna e oportunidades de futuro a través de proxectos de educación, sanidade, hábitat e ecoloxía, tendo especialmente en conta os colectivos vulnerables, como son as mulleres e as persoas con discapacidade.

Máis información en:

www.fundacionvicenteferrer.org

Síguenos:

